CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Atenderase aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e a atención personalizada en función das necesidades individuais do alumnado; de xeito que se establezan os mecanismos de reforzo no momento que se detecten as dificultades de aprendizaxe.

• A metodoloxía de traballo baséase nos seguintes puntos: Traballo por proxectos e tarefas integradas, relacionados coa vida cotiá que terán que resolver de modo grupal, interactuando e argumentando as súas decisións. Pódese dicir que todo proxecto de traballo estruturase en seis fases fundamentais:

Fase 1.- Que sabemos (ideas previas) e que queremos saber (preguntas que nos facemos)

Fase 2.- Busca de información: en libros, contos, revistas, internet, preguntas aos nosos maiores, vídeos ... e partir de aí establecemos

- Obxectivos
- Tempos e espazos
- Recursos
- Actividades

Fase 3.- Realización das actividades.

Fase 4.- Síntese - Itinerario: recapitulación do traballo e elaboración dos dossier.

Fase 5.- Avaliación: da mestra; dos nenos/as; de outros.

• Aprender a pensar. Promoveranse estratexias para aprender a razoar e a argumentar as súas opinións; así como a defender as súas ideas.

• Aprender a observar, a analizar e deducir o que entra polos nosos sentidos.

• Aprendizaxe cooperativa. Queremos impulsar as relacións entre iguais, proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación dos puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando deste xeito toda forma de discriminación. Para iso, establecemos unha liña de aprendizaxe cooperativa desde 3 anos ata 6º, traballando unhas estruturas e dinámicas básicas que se van ampliando segundo avanza a súa escolaridade. Coa aprendizaxe cooperativa buscamos atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva.

• Principio de individualización da ensinanza.- Atenderase aos ritmos e necesidades individuais do alumnado; é dicir, á diversidade do alumnado.

• Atenderase as intelixencias múltiples do alumno (intelixencia viso- espacial, lingüística, kinestésica- corporal, ecolóxica, lóxica matemática, interpersoal, intrapersoal e musical).

• Partiremos do método científico e da resolución de problemas funcionais e relacionados coa experiencia cotiá para propiciar que o alumnado empregue habilidades de razoamento e reflexión.

• Enfoque globalizado, de xeito que a través dos proxectos, tarefas e actividades a traballar se engloben todas as áreas posibles.

• Aprendizaxe significativa.- tomaremos como punto de partida o que o alumno coñece e teremos en conta as súas necesidades e intereses para crear novos coñecementos.

• Aprendizaxe lúdico: deseñaremos actividades variadas e con gran compoñente lúdico, pois consideramos que xogando se pode aprender moito e máis doado.

• Participación activa: pretendemos que os alumnos aprendan facendo eles mesmos as actividades (gañando pouco a pouco en autonomía). Deste modo, tentaremos estimular a súa actividade en todos os aspectos: manipulativo, motórico, cognitivo, afectivo...

• Proporcionarase variedade de recursos e espazos, así como flexibilización temporal en función das necesidades individuais ou de grupo. No desenvolvemento desta programación é esencial o emprego da Biblioteca escolar como fonte de recursos e como mediadora na adquisición da competencia informacional e do horto escolar como fonte de experiencias. Proporcionarase un ambiente cálido e acolledor.

• Autoavaliación do alumnado e do profesorado. Tanto alumnado como o profesorado terán que autoavaliar o seu traballo, as súas melloras, o seu logro dos obxectivos, os seus puntos fortes e aqueles aspectos nos que haxa que mellorar.

• Aprendizaxes funcionais: queremos que o alumno utilice o aprendido cando o precise, tanto na aplicación práctica do coñecemento adquirido como na súa utilización para levar a cabo novas aprendizaxes.

• Potenciación da lectura comprensiva e o gusto pola lectura no seu tempo de lecer como aspecto fundamental para a adquisición de aprendizaxes..

- Empregaranse as novas tecnoloxías da información e a comunicación como medio para mellorar a nosa expresión e como busca e tratamento da información.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

### Denominación

Recursos persoais: profesorado do centro e persoal non docente, familias, colaboración coas entidades da zona e aproveitamento das actividades promovidas por distintas asociacións, entidades...

Recursos educativos dixitais e tecnolóxicos (Internet).

- Ordenador do profesorado
- Ultraportátiles do alumnado
- Cámaras, webcams, gravadoras de son...
- Tablets
- Ebooks
- Encerado dixital
- Material do programa Polos Creativos
- Aplicacións e programas educativos da maqueta Abalar e outros que consideremos axeitados.

Recursos materiais

- Libros de consulta e lectura
- Fichas específicas
  - Xogos didácticos e materiais manipulativos específicos das distintas áreas (regletas, tangram, calculadora, mapas, globo terráqueo, material de plástica e música...)
- Materiais diversos do contorno
- Ferramentas específicas para manualidades
- Material de laboratorio e para experimentos
- Material funxible

Recursos espaciais: empregaranse distintos espazos do centro: aula, corredores, aula creativa, cociña, patio interior, patio exterior, horto...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.:

- Análise dos informes finais dos alumnos, do curso anterior, nos que podemos detectar a situación percibida polo profesorado de cada alumno en concreto, en xuño.
- Avaliación inicial do grupo clase e de cada alumno en particular: para a detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior. Esta Avaliación daranos unha idea da situación real de partida do alumnado.

A partir da información da finalización do curso e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares que determinen os equipos docentes e os departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza e aprendizaxe de todo o alumnado.

Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso, os equipos docentes en colaboración co departamento de Orientación, elaborarán as Adaptacións Curriculares Individualizadas, e os plans de reforzo e recuperación nos casos que sexan necesarios, coa aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Instrumentos de Avaliación Inicial: Para a avaliación inicial presencial, utilizaremos os seguintes instrumentos:

- Intercambios orais.

- Elaboración dun texto escrito para valorar a caligrafía, ortografía, estruturación de textos, e o uso adecuado da gramática e vocabulario.
- Comprensión lectora.
- Lectura en voz alta.
- Retos matemáticos...
- Resolución de problemas.
- Exercicios de cálculo
- Informes do curso pasado.
- Datos aportados pola familia.
- Relación de dificultades de aprendizaxe do alumnado.
- Relación de dificultades de habilidades individuais.
- Tarefas e pequenas experiencias en grupo e individuais.
- Realización de tarefas escritas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse o criterios de cualificación en cada unidade didáctica en función das porcentaxes asignadas. As táboas de indicadores obteranse durante o desenvolvemento das sesións conforme a rúbricas e/ou listas de control nas que se valide o grao de consecución de cada un dos criterios de avaliación, en relación co mínimo esixido. Para a obtención da nota teranse en conta:

Controis periódicos orais e escritos de avaliación da adquisición dos obxectivos

Realización do traballo en clase:

Realización adecuada do traballo

Organización dos materiais

Presentación do porfolio

Realización de proxectos, experiencias e pequenas

investigacións

Traballo en equipo

Valoración de actitudes na aula: actitude xeral, afán de superación, escoita, participación e colaboración.

O esforzo amosado polo alumno/a ao longo do curso; é dicir, un claro interese pola área, preguntando, rectificando os erros e intentando solucionar os problemas.

Os instrumentos de avaliación que se empregarán son:

- Observación e rexistro do traballo diario (actitude, rendemento, progresos, traballo en grupo...) por medio de anecdotarios, listas de cotexo...
- Revisión do caderno de traballo e das tarefas realizadas (organización do traballo, presentación...)
- Participación nas actividades propostas (autonomía, toma de decisións, relación cos compañeiros...)
- Exposicións individuais e en grupo.
- Probas de avaliación (adquisición dos contidos)
- Valoración do porfolio
- Valoración do traballo en equipo.
- Autovaloracións do propio desenvolvemento do traballo.

Rúbrica para Proxecto

Na rúbrica deseñada para un proxecto, avaliaranse 4 ítems cunha puntuación que vai do insuficiente ao excelente, pasando polo suficiente e ben.

Os ítems que se avaliarán serán :Entendeu o obxectivo do proxecto. Participou activamente na chuvia de ideas. Propuxo preguntas que serviron de guía. Participou na planificación do proxecto. Contribuíu á distribución das tarefas. Calculou correctamente o tempo necesario para realizar cada tarefa. Realizou correctamente as tarefas que lle encomendaron. Distribuíu as tarefas equitativamente entre os membros do grupo. Completou as tarefas asignadas no tempo programado. Todos os membros do grupo participaron como estaba previsto. Propuxo fontes de información nas que atopar os datos que precisaba. Valorou os criterios a seguir para seleccionar a información. Participou activamente na procura de información. Fixo uso de diferentes tipos de información (electrónica, bibliográfica...). Foi capaz de distinguir información importante da información superflua. Organizou todos os datos antes de analizalos. Puido transferir os datos ao documento.

#### **Critérios de recuperación:**

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalguna unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non adquiriu correctamente.

Para iso contarase en primeiro lugar co titor ou titora, e na medida das posibilidades, en función o que se dispoña dende o DO, co profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado especialista de PT ou AL..

Os momentos de traballo grupal do alumnado aproveitaranse para facer este reforzo ao alumnado que o precise.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicaranse dúas sesións a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou cualificación suficiente.

Adicaranse catro sesións á realización de actividades de carácter colectivo onde poderán poñer en práctica o aprendido durante o curso, e servirán como recuperación nos casos que se precise.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

O traballo de aula implicará distintos agrupamentos variables que posibiliten a colaboración e a cooperación (traballo en equipo, por parella, individual ...). Ademais realizaranse plans específicos de reforzo. A finalidade destas medidas é adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado da aula.

No día a día tentaremos articular medidas para acadar os obxectivos propostos, como as seguintes:

- Partiremos dos coñecementos previos de cada neno/a e dos seus puntos fortes e debilidades para adaptar e

individualizar o proceso de ensino- aprendizaxe.

- As tarefas de aprendizaxe partirán de experiencias cotiás do día a día do alumnado e integrarán distintas competencias así como atenderán ás diferentes intelixencias múltiples e aos distintos ritmos de aprendizaxe.
- Ofreceremos unha gran variedade de actividades e experiencias, atendendo ás características individuais e ás habilidades de cada un.
- Promoveremos actividades experimentais e de resolución de problemas baseadas no medio no que estamos insertos, nas que se traballe a parte manipulativa e de aplicación real.
- Potenciarase a autonomía e a reflexión persoal empregando diversas metodoloxías na resolución das tarefas.
- Empregar recursos e materiais diversos: audiovisuais, manipulativos, tecnolóxicos ...
- Os procedementos e instrumentos de avaliación atenderán aos distintos aspectos do proceso de ensino aprendizaxe e serán coñecidos e incluso negociados de antemán co alumnado.
- Favorecerase un clima de confianza e respecto, potenciando o diálogo na aula.
- Promoverase a participación do alumnado na organización de espazos e tempos.
- Atenderase aos distintos estilos de aprendizaxe.

Ademais, adecuarase o proceso de ensino aprendizaxe a aqueles nenos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar NEAE (necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar) establecendo as medidas oportunas, curriculares e organizativas, do tipo de:

- Detectar e dar resposta as necesidades educativas o máis pronto posible coa colaboración do Departamento de Orientación.
- Mobilizar os recursos humanos e materiais precisos ante a detección de necesidades concretas dun/ha alumno/a.
- Adaptar os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Realizar programas de reforzo e de ampliación, de ser preciso, establecendo plans de reforzo individuais.
- Organizar, por parte do Departamento de Orientación, os reforzos e apoios do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe
- Elaborar, por en práctica e manter actualizadas as necesarias AC.
- Adoptar medidas que impliquen a permanencia dun/s discente/s durante un curso máis na etapa, ou flexibilización, de ser necesario.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

#### Observacións:

Porase especial fincapé no desenvolvemento do:

- Respecto polo medio ambiente, potenciando un consumo responsable e unha correcta xestión de residuos, así como o respecto aos seres vivos e aos ecosistemas nos que se desenvolvan.
- Os valores cívicos, sociais e culturais que sustentan unha sociedade plural e democrática.
- O espírito crítico e emprendedor que se traballarán por medio dos grupos de traballo cooperativo e a participación en programas.
  - A creatividade
  - O uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, a través do seu uso como recurso medio (cámara de fotos, gravadora, internet, visionado de reportaxes, curtas ...)
  - A comprensión e a expresión tanto oral como escrita.
  - A lectura comprensiva de textos e imaxes, como aspecto clave para acadar os obxectivos curriculares. Ademais, a escola fomentará:
- Inclusión, igualdade de oportunidades e non discriminación por motivos de discapacidade.
- Igualdade efectiva entre homes e mulleres, Prevención da violencia de xénero, igualdade de trato e non discriminación.
  - Promoverá a resolución pacífica de conflitos, e os valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia, dereitos humanos e rexeitamento da violencia terrorista e o respecto polo estado de dereito.
  - Prevención do racismo, xenofobia, estereotipos sexuais e da discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero
  - Desenvolvemento sostible e o medio ambiente.
  - Riscos da explotación e abuso sexual e riscos derivados da utilización das tecnoloxías da información e comunicación.
  - Desenvolvemento do Espírito emprendedor.
  - Seguridade viaria para a mellora da convivencia

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita pola contorna	Visitamos lugares próximos ao colexio	X	X	X

### Observacións:

- Actividades ofertadas polo Concello, deputación ou outras entidades.
- Contacontos e monicreques, museos, cine, teatro, etc.
- Actividades ofertadas por "Afundación"
- Visita ao museo. Museo de Pontevedra (sempre que contemos coa subvención da Deputación).
- Saídas propostas polos equipos docentes ou departamentos para realizar nos arredores do colexio ou na localidade de Vincios.
  - Saídas propostas polo claustro para realizar xunto con todos os alumnos do centro (magosto, excursión fin de curso ...)
  - Saídas relacionadas co proxecto anual de centro.
  - Saídas a distintos espazos abertos de interese cultural e/ou medioambiental.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Funcionalidade da programación. O desenvolvemento da clase adecúase as características do grupo.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos. Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das unidades didácticas.
Temporalización. Existe unha temporalización temporal equilibrada.
Metodoloxía empregada
Actividades adecuadas. Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, en tratamento dos contidos...)
Rol do docente. Grao de seguimento dos alumnos/as.
Estilo de ensinanza. A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización dos recursos materiais. Validez dos recursos empregados na clase para as aprendizaxes.
Medidas de atención á diversidade
Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe
Adóptanse medidas de reforzo axeitadas ante as dificultades de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
O alumnado síntese motivado e contento na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe unha comunicación fluída coa familia/ titores legais e entre o profesorado.
Outros
Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables de aprendizaxe.
Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos e ás familias.

### Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.



Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- A adaptación da programación ao grupo- clase en todos os seus elementos. O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.
- Revisaranse tamén: as estratexias metodolóxicas; o tipo de actividades empregado; os recursos utilizados, variedade e utilidade; os criterios de avaliación e a súa coherencia; o rol do profesor no ensino- aprendizaxe e a adquisición das competencias básicas.

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados. Dado que se traballa a través de proxectos, analizarase a inserción das unidades ao longo dos proxectos realizados.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	5º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	25

## 1. Introducción

O acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanzas de relixión católica. Conforme a isto, a LOMLOE 3/2020 do 29 de decembro, pola que se modifica a ley orgánica 2/2006, do 3 de maio, establece que se incluírá as relixións como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

No Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro dispónse que esta materia incluírase no segundo ciclo desta etapa educativa e que será competencia da xerararquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo. Por outra banda, a Resolución de 21 de xuño de 2022, publica os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondente a Educación Infantil, Primaria Secundaria y Bachillerato.

Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

O ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

O centro para o que se elabora esta programación, está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiro, Fraga, Hervillás, Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, Serra, Tumbio e Xian. As entidades máis significativas coas que conta a parroquia son:

- Asociación veciñal, na que se desenvolven distintas actividades culturais para adultos e para nenos.
- Comunidade de Montes, que colabora aportando subvencións para a realización de diferentes actividades culturais e educativas no Centro.
- Escola e Banda de música, da que forman parte moitos dos nosos alumnos e que cada curso ven ao Centro para ofrecernos un concerto didáctico.
- A.N.P.A. Santa Mariña, que organiza actividades extraescolares e excursións ao longo do curso.
- Club de Fútbol de Vincios., do que forman parte moitos alumnos do Centro.
- Agrupación Deportiva Vincios, coa que colabora o Centro en moitas actividades deportivas.

O colexio, que data de do ano 1979, consta dun edificio, dun anexo de pista cuberta e de zona exterior de 10.000 m<sup>2</sup>. Esta escola consta dunha Biblioteca Escolar cun amplo potencial dinamizador, de laboratorio- estudio de arte, cocina y horto escolar. Temos un magnífico patio exterior que posibilita moitas actividades ao aire libre.

É un centro de natureza rural, cunha soa liña e que imparte as ensinanzas de Educación Infantil e Primaria. Consta dun total de 167 alumnos/as e dun cadro docente na súa maioría definitivo.

A proposta educativa desta asignatura favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos. Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos universais e cristiáns, establecendo a relación existente entre ambos ámbitos.

Esta Programación está preparada para ser levada a cabo na aula de 5<sup>º</sup> Educación Primaria. Os nenos e nenas matriculadas nesta área son un total de .

Por último, mencionar que o Proxecto Anual do curso 2023/24 terá como temática "COIDAMOS O NOSO pLANETA: REDUCCIÓN DE RESIDUOS".

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropológico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3	2		1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural algunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1	2			1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Dinámica de Cohesión: La Pelota; La Silueta.	Esta dinámica a levaremos a cabo durante as primeiras semanas do curso. En primeiro lugar faremos unha pelota, onde cada nena e neno poidan expresarse libremente: as vacacións, que agardamos de este novo curso que empeza, etc. Na segunda dinámica, sería na versión dos nomes en din-a3: cada neno decorará o seu nome e despois rotaran polos compañeiros e compañeiras escribindo neles aspectos positivos desa persona: valores que posúe, capacidades, potencialidades, o que aporta ao grupo. Trátase de resaltar o positivo que todos nos temos e entregamos aos demais.	14	5	X		
2	Historia de Israel: Xosé.	Aproximación a figura da personaxe bíblica de Xosé. Prestaremos especial atención ao seu papel de servizo á comunidade. Valor de responsabilidade en igualdade entre as persoas, independentemente da súa procedencia, relixión, ideoloxía, etc.	14	5	X		
3	Advento e Nadal.	Os tempos litúrxicos de Advento e Nadal. Características, peculiaridades e simboloxía. A riqueza cultural do Nadal.	18	6	X		
4	Construíndo mundo.	Compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e na construción dunha sociedade xusta. Establecer diálogos y debates sobre nuestro papel en la sociedad y la influencia que ejercemos con nuestras actitudes, gestos y comportamientos en la vida de quienes nos rodean. A ética na nosa contorna social e virtual.	14	5		X	
5	Cuaresma, Semana Santa e Pascua.	Os tempos litúrxicos de cuaresma, s. santa e pascua. Características, simboloxía e distribución no tempo.	14	5		X	
6	Igrexa/s e Biblia. Grandes valores para os cristiáns.	A/s igrexa/s e a Biblia, expresión da riqueza cultural do cristián. Interculturalidade.	14	5			X
7	Contos que emocionan.	Celebrar a vida e a oportunidade de facer o ben partindo de contos que profundicen nestes contidos emocionais, como por exemplo "Malena en el espejo" de Elena Ferrándiz; "Imagina un día" de Sarah L. Thomson.	12	4			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Contos que emocionan.		12	4			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Dinámica de Cohesión: La Pelota; La Silueta.	5

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Adopta actitudes que promoven e protexen os principios de respecto a liberdade e dignidade das persoas, actuando dun xeito reflexivo, con xuízo crítico construtivo e responsabilidade nas relacións interpersoais que se establecen na aula.		
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	É quen de transmitir a súa propia identidade persoal (emocións, sentimentos, pensamentos, opinións, etc) empregando diversas linguaxes comunicativas, e valorando, asumindo e respectando a diversidade de identidades, pensamentos, etc dos demais.		
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá para promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, sendo capaz de expoñer eses principios de actuación por medio de diversos soportes.	TI	100
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Colabora na construción dunha convivencia pacífica e democrática promovendo accións que busquen e favorezan relacións sociais empáticas, solidarias e colaborativas.		
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica empregando diferentes medios e dende a súa propia realidade cultural, a variedade de tradicións e expresións culturais partindo sempre dende o respecto que favorece o encontro entre culturas e o diálogo intercultural.		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	É consciente e adopta accións, como axente protagonista, da propia evolución da súa interioridade, da súa escala de valores, principios e crenzas, froito dun proceso de reflexión, diálogo, e autoavaliación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Participa, debate e reflexiona do diálogo necesario que debe existir entre a súa propia transcendencia como ser humano, a ciencia, e outras culturas e relixións, amosando respecto e interés por facerse preguntas e expoñer as súas opinións dende a positividade e o espírito construtivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- María, modelo de crente.</li> <li>- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Historia de Israel: Xosé.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Adopta actitudes que promoven e protexen os principios de respecto a liberdade e dignidade das persoas, actuando dun xeito reflexivo, con xuízo crítico construtivo e responsabilidade nas relacións interpersoais que se establecen na aula.		
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	É quen de transmitir a súa propia identidade persoal (emocións, sentimentos, pensamentos, opinións, etc) empregando diversas linguaxes comunicativas, e valorando, asumindo e respectando a diversidade de identidades, pensamentos, etc dos demais.	TI	100



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese en actividades solidarias propostas a nivel do centro, e amosa actitudes solidarias e de colaboración dentro na aula cos seus compañeiros e compañeiras.		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razoa e dialoga, na aula, sobre os principios fundamentais da ética cristiá, e de como as podemos trasladar a nosa realidade implementándoas na nosa relación co entorno social e natural.		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Coñece e valora o patrimonio histórico e cultural que aporta a biografía de Xosé, contribuíndo a elaboración da identidade cultural dos pobos, amosando actitudes de respecto e curiosidade con respecto a súa figura.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora o diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica como un intercambio entre sociedades que enriquecen ao individuo, amosando na aula actitudes encamiñadas a favorecer e aproveitar estas aportacións abrindo a súa mente dende o enriquecemento persoal e positivo.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende e dialoga sobre a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas, en prol dun mundo máis humano e igualitario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Advento e Nadal.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	É quen de transmitir a súa propia identidade persoal (emocións, sentimentos, pensamentos, opinións, etc) empregando diversas linguaxes comunicativas, e valorando, asumindo e respectando a diversidade de identidades, pensamentos, etc dos demais.		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese en actividades solidarias propostas a nivel do centro, e amosa actitudes solidarias e de colaboración dentro na aula cos seus compañeiros e compañeiras.		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razoa e dialoga, na aula, sobre os principios fundamentais da ética cristiá, e de como as podemos trasladar a nosa realidade implementándoas na nosa relación co entorno social e natural.		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Coñece e valora o patrimonio histórico e cultural que traballamos nos tempos litúrxicos de advento e nadal, contribuíndo a elaboración da identidade cultural dos pobos, amosando actitudes de respecto e curiosidade con respecto a súa figura.	TI	100
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica empregando diferentes medios e dende a súa propia realidade cultural, a variedade de tradicións e expresións culturais partindo sempre dende o respecto que favorece o encontro entre culturas e o diálogo intercultural.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora o diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica como un intercambio entre sociedades que enriquecen ao individuo, amosando na aula actitudes encamiñadas a favorecer e aproveitar estas aportacións abrindo a súa mente dende o enriquecemento persoal e positivo.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Toma conciencia do diálogo necesario que debe existir entre a súa propia trascendencia como ser humano, a ciencia, e outras culturas e relixións, amosando respecto e interés por facerse preguntas e expoñer as súas opinións dende a positividade e o espírito construtivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.</li> <li>- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinalizadas.</li> <li>- María, modelo de crente.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Construíndo mundo.	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Adopta actitudes que promoven e protexen os principios de respecto a liberdade e dignidade das persoas, actuando dun xeito reflexivo, con xuízo crítico construtivo e responsabilidade nas relacións interpersoais que se establecen na aula.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	É quen de transmitir a súa propia identidade persoal (emocións, sentimentos, pensamentos, opinións, etc) empregando diversas linguaxes comunicativas, e valorando, asumindo e respectando a diversidade de identidades, pensamentos, etc dos demais.		
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá para promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, sendo capaz de expoñer eses principios de actuación por medio de diversos soportes.		
